

BARROCO

OBRA: APOLO E DAFNE

AUTOR: GIAN LORENZO BERNINI


ESTILO: Barroco

CRONOLOXÍA: 1622-1625

COMITENTE: Cardeal Scipione Borghese

LOCALIZACIÓN: Villa Borghese (Roma)

MATERIAL: Mármore



ANÁLISE E COMENTARIO

A escultura é un grupo escultórico de vulto redondo, exenta, con multiplicidade de puntos de vista, aínda que ten un punto de vista preferente.

Claramente é un tema mitolóxico, a historia narrada polo poeta romano Ovidio nas súas *Metamorfoses*. Trátase dun mito pouco frecuente en escultura, xa que é máis doado tratalo na pintura, pola dificultade de representar o momento clave, rápido e fugaz. No *Apolo e Dafne*, Bernini representa o clímax da historia na que o deus do amor Cupido, para vingarse da ofensa que lle infrinxiu Apolo burlándose del, decidiu vingarse lanzando dous dardos, un que provocase o amor a primeira vista e outro que provocase o rexeitamento, dándolle co primeiro a Apolo e co segundo á ninfa Dafne, filla do deus do río Peneo. Acosada polo amor de Apolo, Dafne foxe despavorida e véndose a piques de caer en brazos do deus pide protección ao seu pai quen a converte en árbore de loureiro (Dafne significa loureiro en grego). Apolo decidiu, en honra á moza, tomar a esta árbore como a súa árbore sacra.

Bernini opta por representar o momento de máxima tensión e movemento ao elixir o momento xusto no que se comeza a producir a transformación na ninfa, de xeito que conserva partes humanas e outras vexetais –dos dedos comezan a saír follas, os pés transfórmanse en raíces-. As personaxes aparecen idealizadas dentro dos cánones da beleza clásica, porén todo o conxunto transmite movemento. O mozo Apolo, ve interrompida a súa carreira polo movemento ascendente da moza quen, elevando os brazos ao ceo, observa con horror como a transformación vaise apoderando do seu corpo: dos dedos e cabelo brotan as ramas e follas, dos seus pés nacen as raíces mentres o corpo vaise cubrindo da cortiza do tronco. O autor contrapón por unha banda o impulso cara adiante de Apolo, acentuado pola posición apoiada na perna

dereita mentres o brazo dereito e a perna esquerda esténdea cara atrás do mesmo xeito que a túnica impulsada polo vento do deus; fronte ao movemento ascendente en *serpentinata* da moza Dafne. Este recurso é característico non só da obra de Bernini senón da escultura barroca.

Os dous corpos próximos e de pé forman dúas liñas curvas que conflúen na base rochosa da que xorde a corteza da árbore. Brazos e pernas rompen o espazo en liñas diagonais, unha formada polos brazos dereitos de Apolo e Dafne atravesa a composición. Estas diagonais aumentan e potencian o dinamismo da escena, sumándose ao propio movemento dos panos e os cabelos, arrastrados pola inercia da carreira, freada en seco ou detida antes de tempo.

Bernini puxo moito interese en captar as expresión dos rostros: mentres Dafne ten unha expresión de terror, porque ve como a acada Apolo, o deus aparece cunha expresión de perplexidade, como se non entendese o que lle ocorre ao corpo da ninfa. É unha obra mestra no sentido de que se capta perfectamente o momento da mutación, co xogo de contrastes o opostos entre o comezo da parálise ou metamorfose da ninfa (freada polas raíces que lle brotan) e a carreira ou persecución frustrada de Apolo. Existe un gran simbolismo na transformación da ninfa, un cambio inconcluso, unha Dafne metade muller e metade árbore, como se fose unha alegoría de Bernini acerca dos cambios da materia, do transcurso do tempo, da modificación constante da vida e da aparencia.

As imaxes e a perspectiva que recibimos desta escultura varían moito segundo o lugar desde onde miremos: desde algúns ángulos, a figura de Dafne é case humana, mentres que desde outros aparece xa como o tronco dunha árbore.

A precisión instantánea na descrición das emocións anímicas dos dous actores, dotan á narración mitolóxica dunha impactante sensación de realidade. Sensación reforzada cun incomparable virtuosismo técnico no tratamento das calidades e con recursos dunha técnica exquisita (por exemplo para conseguir a sensación da freada súpeta), constitúe o triunfo da representación do instante evanescente e a demostración de que para conseguir tales efectos se debía romper radicalmente con algunhas tradicións escultóricas do Cinquecento: romper co concepto da estatua como bloque único, romper co concepto centrípeto nas liñas de forza da escultura e convertelo en centrífugo nos seus trazos direccionais, romper coa idea de estatua como obxecto estático e confinado nun espazo que o espectador define co seu movemento, converténdoa en artefacto dinámico que irrompe con violencia no noso ámbito espacial.

Emprega diferentes técnicas de tallado e puído, coa contraposición da textura puída da carne da moza fronte á superficie aspera da cortiza do tronco que comeza a cubrila. Bernini recorre á luz cun sentido dramático que acentúa a tensión da escena a través dos contrastes de luces e sombras, violentos nos plegues do manto de Apolo ou na follasca do pelo da moza e suave nas superficies da pel dos corpos dos mozos.

CONCLUSIÓN

Bernini móstrase nesta obra como o mestre indiscutible da escultura barroca non só en Italia senón en toda Europa, como un virtuoso no tratamento do mármore, renunciando ao bloque único característico da escultura renacentista, así como un xenio á hora de representar a emoción e o movemento. Apolo e Dafne representa un fito importante dentro da obra do autor. Combina a beleza idealizada do mundo clásico cun movemento precipitado, moi típico do Barroco. O equilibrio e o estatismo do Renacemento ráchanse a favor da expresividade e o dinamismo. Esta escultura chama a atención polo seu dramatismo, o movemento e o virtuosismo no tratamento da pel e das texturas. O escultor consegue obter do mármore todos os efectos posibles de calidade, como a suave textura da pel da ninfa que contrasta coa aspereza da codia do loureiro, ou a plasticidade vexetal das follas. Bernini sentíase especialmente orgulloso da calidade coa que consegue representar o cabelo da moza.